

REGULAMENTO XII CARREIRA LETRAS GALEGAS

20 DE MAIO DO 2022.

Adicado a FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Cláusula 1.- OBXECTO. Establecer o regulamento das probas da XII edición da Carreira Popular das Letras Galegas que organiza O Concello de Vilalba.

Cláusula 2.- INSCRICIÓN. As inscricións, de balde para todas as categorías, serán dende o 25 de abril ata o 6 maio (ambos inclusive), tendo dobre alternativa para formalizala:

*Na web www.championchipnorte.com

*Co/a docente especialista en Educación Física/ dos distintos centros educativos, ou no seu caso titor/a de cada grupo/nivel/aula. Aos docentes facilitaráselles unha folla de rexistro (**anexo 1**), para cubrir os datos dos participantes de forma masiva. Será o Concello de Vilalba o encargado de transferir os datos a plataforma Championchipnorte.

É importante cubrir a folla de rexistro con tódolos datos solicitados. Cada pai/nai/ titor/a legal dos/as participantes deberán asinar unha declaración responsable (**anexo 2**).

NON se aceptan inscricións por teléfono, correo electrónico e/ou outros medios non recollidos neste Regulamento.

A organización reservase o dereito de non inscribir a aquelas persoas que non cubran correctamente os datos requiridos e, polo tanto, impedirilles a participación na proba.

Cláusula 3.- CATEGORÍAS

Categorías mixtas con carácter participativo

A saída será simultánea sen distinguir caixóns de saída e terá carácter participativo.

As categorías, idades e distancias a cubrir, serán as seguintes (**anexo 4**):



Categoría	Idade	Distancia
<i>Pitufo</i>	2018- 2017	60 metros
<i>Chupete</i>	2016	80 metros
<i>Prebenxamíns</i>	2015 e 2014	200 metros
<i>Benxamín</i>	2013 e 2012	500 metros
<i>Alevín</i>	2011 e 2010	700 metros
<i>Infantil</i>	2009 e 2008	1000 metros
<i>Cadete</i>	2007 e 2006	1400 metros

Nota: a distancia en cada categoría poderase axeitar as necesidades dos participantes, con especial atención a aqueles que presenten diversidade funcional, ou outras características.

Cláusula 4.- DATA e LUGAR DO EVENTO

A XII Carreira Popular das Letras Galegas, vaise celebrar o 20 de maio de 2022 no estadio da Madalena (pista de atletismo), a partir das 10:30 horas. A entrada de cada colexio a instalación realizarase seguindo o **anexo 3**.

No caso de que existan inclemencias meteorolóxicas adversas, o evento terá lugar en datas posteriores (data a escoller, por consenso, entre o Concello e os colexios)

Cláusula 5.- ENTREGA DE DORSAIS.

Os dorsais entregaranse nos centros educativos, os días 18 e 19 de maio.

Cláusula 6.- USO DE MÁSCARA

Durante a data de realización da actividade, no caso de estar vixente a obriga do uso de máscara durante a práctica deportiva individual ao aire libre, a cal supón un aumento da carga fisiolóxica no organismo, a organización recomenda aos participantes o uso de máscaras cirúrxicas, por ser, segundo a evidencia científica actual, as que menos afectan ao intercambio gaseoso da ventilación pulmonar. A organización tamén recomenda aos participantes que se adapten progresivamente ao exercicio con máscara a través dun período de adestramento previo á realización das probas.

Cláusula 7.- AGASALLOS E ACTUACIÓNS.





- Augas e froita (engadir, no seu caso, intolerancias no momento da inscrición).
- Medallas
- Actuación grupo (actuación pendente polos adornos de Nadal).

Cláusula 8.- RESPONSABILIDADE.

A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco do participante, sendo o único responsable de cumprir coa normativa Covid no lugar de realización da carreira, e ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria. No momento da inscrición, manifesta atoparse fisicamente apto para percorrer a súa distancia. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar deles a terceiros.

Cláusula 9.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO DAS CARREIRAS

A inscrición e participación na XII Carreira das Letras Galegas supón a aceptación das normas.

Cláusula 10.- OUTRAS DISPOSICIÓN.

- * Os centros educativos contarán cun servizo de autobuses para participar no evento, a cargo do Concello de Vilalba.
- * A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.
- * Cada centro educativo dispoñerá dun espazo reservado para os seus alumnos (**ver anexo 3**).
- * A organización da proba reservarase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Cláusula 11.- ANEXOS

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Anexo 1- Folla excel mestra/e Educación Física

	Categoría	Apelidos	Nome	Data nac.	H/M	Colexio	Necesidades e/ou intolerancias	Móbil
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								
14								
15								
16								
17								
18								
19								
20								
21								
22								
23								
24								
25								



Cód. Validación: 94\$NM626Z64W2S76EJGQM7ZE7 | Verificación: <https://vialba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 4 de 8

Anexo 2. Declaración responsable XII CARREIRA LETRAS GALEGAS 2022

D/D^a _____

con DNI/NIE _____, actuando en representación dos menores de idade (no seu caso):

Menor 1: _____

Menor 2: _____

Menor 3: _____

Menor 4: _____

Anotado/a/os/as na XII Carreira Letras Galegas, organizada polo Concello de Vilalba, o vindeiro día 20 de maio do 2022, polo que **DECLARO:**

Que lin, entendín, acepto e comprométome a cumprir o protocolo de prevención da COVID19 desta proba, colaborando na medida do posible coa organización.

Que lin, entendín, acepto e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando na medida do posible coa Organización.

Que reúno os requisitos de admisión establecidos no documento do Protocolo COVID, obriga de información e consentimento informado, non sendo un grupo de risco.

Que o/a/os/as interesado/a/os/as non tivese/tivesen nos últimos 14 días nin problemas respiratorios (infección respiratoria de inicio súbito e de calquera gravidade, tose ou falta de aire), vómitos, dores ou diarreas abdominais, diminución do olfato ou do gusto, dor de garganta, músculos. dores, dor de cabeza, debilidade xeral ou febre superior a 37,5°C.

Que o/a/os/as interesado/a/os/as non conviva/convivan con ningunha persoa que sexa un grupo de risco, ou que no seu caso, participe na actividade baixo a súa propia responsabilidade.

Que lin e acepto os compromisos recollidos no protocolo e coñezo os riscos que supón participar na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

SOLICITO: participar despois de ter lido detalladamente a información facilitada pola propia organización, aceptar as condicións de participación e expresar o meu compromiso coas medidas de hixiene persoal e prevención do protocolo da entidade e así mesmo, polo que asino:

Asinado:

VILALBA, a _____ de _____, 2022


Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

Anexo 3- Ubicación e acceso a instalación.



LEND A MAPA		
ZONA	COLEXIO/ INSTITUTO	ENTRADA ACCESO
1	CEIP MONSEIVANE	Entrada 2
2	CEIP TERRA CHÁ	Entrada 2
3	CEIP INSUA BERMÚDEZ	Entrada 1
4	CEIP MATO VIZOSO	Entrada 1
5	E EI VILALBA	Entrada 2
6	IES LOIS PEÑA NOVO/BASANTA SILVA	Entrada 3

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 9445N1M625264W2576EJGQM72E7 | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 6 de 8

Anexo 4- Distancias e percorridos.

Categoría Pitufo: 2018-2017

60 metros



Categoría Biberón: 2016

80 metros



Categoría Alevín 2011-2010

700 metros



Categoría Infantil 2009-2008

1000 metros



Categoría Cadete 2007-2006

1400 metros

